

A natureza na obra de Manuel María



AS AVES

Paxaros



OS LÍRICOS PAXAROS

Os paxaros, se queredes
tamén os paxariños,
-merlos, reiseñores,
xílgaros e xílgaras,
cecais un oureol:
embrullos de plumas
de cores e de soños-,
voan de ponla en ponla
e cantan. Cantan
libremente. Non sei
se cantan liberdade.
Non podo aseguralo

...

(PROBA DOCUMENTAL, 1968)



¿QUÉ NOME TERÁ...?

¿Qué nome terá, como se chama
ese paxaro prodixioso
que canta en todos os poemas,
abrsa as nosas veas,
incendia o noso sangue
e enche de luz ao mundo...?
¿Qué ledicia poñer no corazón
para recibir a súa mensaxe?
¿Con qué e cómo luír os nosos
pobres sentidos estragados
para sentir con plenitude
a alta pureza do seu canto?
¡E qué máxica palabra crearemos
para poder nomealo con xusteza?

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



PAXARO

**Paxaro de cores sorprendentes:
pos nos nosos ollos
a marabilla total da creación.
O teu gracioso voo empuxa o ritmo
normal do noso sangue
e lévanos lonxe de nós mesmos.
O teu fermoso corpo é o soño
que vivimos, fonda e longamente,
sen rematar nunca de soñalo:
única e auténtica tarefa
que lle dá senso e eternidade
á nosa vida case incomprensíbel.
Quen te escoitou só unha vez,
paxaro irremediábel do amor,
xa non te esquecerá endexamais.**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



CANCIÓN DO PAXARO ADOLESCENTE

**Soño de seda e luz feito cristal;
raiolíña máxica de luz;
melodía da brisa cantadora;
prodixio de delicadeza sutil,
case irreal; alén soñado
das melancolías e nostalxias;
única, pura e fiel lembranza
do edén perdido para sempre:
jauh perfecto paxaro adolescente
que, eternamente, cantas
no ser inmortal do noso amor!.**

(AS LÚCIDAS LÚAS DO OUTONO, 1988)



BALADA DO REISEÑOR MÁIS TENRO

Ou música, ou silencio,
ou rechouchío...

O nácar do seu bico
era un suspiro.


O seu cantar moi triste.

Era moi tenro.
Estaba namorado
da súa inocencia virxe.

(ADVENTO, 1954)



Reiseñor (*Luscinia megarhynchos*). Visitante de verán, escaso. Atópase en fragas, sebes mestas e ribeiras fluviais.



REISEÑOR

Adolescente reiseñor do Val de Lemos
acodes puntual todos os anos
aos negrillos do Campo da Compañía
e aos amieiros da ribeira do Cabe
dos que fas tribo e atril,
altísima escolanía de prodixio.
A túa melodía, eterno reiseñor,
é auga, lúas, vidro fino,
alboradas, luz e voces de anxo:
enche de maxia á noite morna
e pon, nos nosos corazós,
ensoños, melancolías, anceios,
lumes, fantasías, gozo, esperanza
e unha fonda fame de beleza
que nos libere da realidade
vulgar, mísera e xorda que sufrimos.
Os teus chíos, latexos xa no sangue
noso, jough reiseñor amigo!, son razóns
esenciais para vivir. Para resistir.
Para que a morte demore un pouco máis.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



O CUCO

O cuco, cuco cuqueiro.
O cuco, cuco, cucón.
¡Madrugón e cantareiro!
¡Cantareiro e madrugón!

Óise pola carballeira
o vello cuco souril
ó nacer a Primaveira
entre o Marzo e o Abril.

¡O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
¡O cuco non me capou
e nunca me capará!

Polas mañáns ben cediño
o cuco canta: “cú-cú”
¡Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tu!

(TERRA CHÁ, 1954)



Cuco (*Cuculus canorus*). Visitante estival. Pon os ovos nos niños de outros paxaros pequenos. Vese en beiras de bosques, arboredos e monte baixo



O CUCO

**Canta cuco ou cala cuco:
eu en ti xa non che creo
desque sei que vas poñer
o teu ovo en niño alleo.**

**Desleixado e perguiceiro,
soio pensas en folgar.
¡Dices somentes dúas notas
e xa tés que descansar!**

**¡Canta cuco ou cala cuco,
perguiceiro, nugallón:
a min pouco che me importa
que esteñas cantando ou non!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



A COTOVÍA

Cando canta a cotovía
racha a lumbrigar o día
e óise un tremor na campía.

(TERRA CHÁ, 1954)



Cotovía dos camiños
(*Galerida cristata*). Pouco común.
Vese en espazos abertos ermos ou
cultivados.



O MELRO

No tempo de botar o liño,
agachado na silveira,
canta o melro melriño
a vida da Primaveira.


Se chove, chove amodiño
sobor da flor das cerdeiras.
¡E o melro, melro, melriño
canta de moitas maneiras!

(TERRA CHÁ, 1954)



Merlo común (*Turdus merula*).

Abundante. Atópase por todas partes:
bosques, cultivos, beirais e xardíns
con vexetación arbustiva.



O MELRO

O señor melro larpeiro
na ponla máis outa está.
¡Está subido á cerdeira
e dela non baixará!

Está come que come,
non ten trazas de parar.
¡O señor melro larpeiro
sen cereixas nos ha deixar!

O señor melro lambón,
o señor melro larpeiro,
¡coa hinchente que colleu
ten rebentado o peteiro!

-Ai home: ¿non tés vergoña?
¡Debes de estar a estoupar!
Coa hinchente que colliche,
¿Cómo has de poder cantar?

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



LAVERCAS

As lavercas e lavercos
no monte andais a berrar.
E como sodes tan tercos
non deprendeis a cantar.


Cando teñais laverquiños
levaillos ao reiseñor:
para deprender aos noviños
non hai un mestre mellor.

O monte estará moi ledo
e non terá soedade.
¡O monte non terá medo
aunque teña inmensidade!

(TERRA CHÁ, 1954)



Laverca (*Alauda arvensis*).
Común en cultivos e baldíos.



LAVERCA

Laverca, tremor de luz e soedade
entre o ceo e as carpazas:
a túa música dálle senso á voz,
ao orfo silencio en desamparo
do agreste monte solitario.
O teu voo, laverca en éxtase,
ten a tensión
da sede e da fame de ascender
á plenitude esencial da marabilla.
O teu berro irrompible é coitelada
asasina do medo e da tristura
que habita os cumes máis senlleiros
e o regato cantor do sangue noso.
A ti, laverca, envío a flor
escura e núa das lembranzas miñas.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



O CORVO

O corvo é mouro, agoreiro
e ten moi duro o acento.
¡Cando grazna no Xaneiro
racha en anacos o vento!

(TERRA CHÁ, 1954)



Corvo viaraz (*Corvus corone*).
Moi común en zonas cultivadas
con árboes e espazos abertos.



O CORVO

**Grazna o señor Corvo
mouro e agoreiro,
na xeda fría
do mes de xaneiro.**

**Grazna o señor Corvo
con graznar inquedo:
¡súa voz é un agoiro
que nos mete medo!**


**Mouro como a noite
é o señor Corvo.
¡Máis mouro que a noite
seu graznido torvo!**

**Grazna o señor Corvo
je dá medo velo!
¡Seu duro graznido
semella un coitelo!**

**¡Semella un coitelo
a cortar o vento,
a cortar as cousas
e máis o contento!**

**Grazna o señor Corvo
con graznar maldito.
¡Non lle teño medo
que me importa un pito!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)




CORVO

Anaco de noite para alumar a luz
escandalosa e ofensiva
que fai do meiodía
brasa queimadora escintilante.
Andas, dende a túa soedade,
a facer máis doados os solpores.
Corvo compañeiro, irmao da neve,
anaco de xistra e de xeadada,
corazón de trebón enfurecido
en aberto diálogo coas lúas
e co toxo arnal en floración:
é ben falar dos teus agoiros,
invento dos homes máis sinistros
que queren atribuírche as tebras
demoníacas que a eles os posúen.
Corvo, amigo meu: comprendo
o teu grazneo duro, indestructíbel:
con el quebras o aire para facelo
transparente, humano e respirábel.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Corvo carnazal (*Corvus corax*).
Escaso na metade sur e máis común
na norte. Atópase en rochedos da
beira do mar e da montaña.



O CARRIZO

O carrizo carriceiro;
o carrizo, carrizón.
¡O carrizo pequeneiro
do tamaño dun botón!

O carrizo fai o niño
moi redondo, ben lousado.
¡O carrizo pequeniño!
¡O carrizo carrizado!

O carrizo fai a casa
ben lousada, ben cuberta.
¡E a choiva non a pasa
aunque teña a porta aberta!


¡O carrizo carriciño!
¡O carrizo carrizota!
¡O carrizo fai o niño
semellante a unha pelota!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Carrizo ou carriza
(*Troglodytes troglodytes*).

Común. Atópase entre a vexetación
baixa e mesta de xardíns, bosques,
cultivos e beirais.



O ESCRIBENTE

Agachado nunha frouma
moi espesa e verdecente
sei dun niño de paxaro
que se chama o escribente.

Ten tres ovos moi pequenos.
Ten tres ovos nada máis.
Son tres ovos moi fermosos.
Son tres ovos. ¡Nin un máis!

Teñen liñas como letras
que semellan escrituras.
¡Unhas liñas misteriosas
con palabras moi escuras!

O que dicen non o sei,
gustaríame saber:
¿Serán cousas, serán letras
que os paxaros poden ler?

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Escribenta liñaceira
(*Emberiza cirrus*).
Común en hortas, cultivos
e arboredos claros.



ANDORIÑAS

Guiada da man dun soño
a Primavera chegou.
¡E todas as andoriñas
no ceo azul convocou!

Todo é voar e voar
e andar aquí para alá.
¡Todo nun ir en un vir
dende equí deica acolá!

¡Voan para riba, para baixo!
¡Van ao alto, van ao fondo!
¡Voan en liña seguida,
en picado e en redondo!

Andoriñas en concello
sobor dun poste pousadas.
¡Que de palabras secretas
e razóns apaixonadas...!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Anduriña (*Hirundo rustica*).
Común nas proximidades dos
núcleos rurais. Aniña en casas
e alpendres.



ANDORIÑA

Andoriña que voabas en círculos
polos meus sonhos primeiros,
asombro dos meus ollos: é a ti,
flor de ar, a quen pregunto
polo recendo doutras primaveras
e pola melancolía dos solpores
esfollada en leves señardades.
Dáme noticia dos teus chíos,
dos teus niños baixo dos aleiros
ou mesmo do portal da nosa casa.
Lembro as túas azas longas,
con latexos de luz sobresaltada.
Pergúntoche a ti, tan so a ti,
máxica andoriña emigrante,
polas albas de abril
e os orbaiois de maio a tremar
nos pétalos das rosas: tal
as bágoas, incontibeis e cálidas,
dunha adolescente apaixonada
que sinte arder no íntimo de si
a chama do amor por vez primeira.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Anduriña de cú branco
(*Delichon urbica*).

Vive nos núcleos urbáns.
Constrúe os niños en grupos
debaixo dos aleiros dos
tellados e dos balcóns.



O PARDAL

O pardal é moi humilde.
Moi humilde e pobretón.
¡Sempre anda pía, pía
sen dicir unha canción!

O pardal é moi humilde
e anda sempre mal vestido.
¡E non ten porte fermoso
nin vistoso colorido...!

O pardal é moi pobriño:
nunca sale de viaxe.
¡O pardal é tan pobriño
que tan soio ten un traxe!


O pardal viste de gris,
o pardal viste cincento.
Seu tristeiro pío, pío,
¿non ten aires de lamento?

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Pardal común
(*Passer domesticus*).

Moi común. Abundante preto
dos asentamentos humanos.



A PEGAS

Está a pega vella
como unha señora
sobor dun ramallo
cantando a deshora.
A pega carniceira,
vestida de loito,
quixera merengue,
quixera biscoito.

A pega carniceira
biscoito non ten
je come a carniza
que non cheira ben!

A pega carniceira
chama á rebordá.
¡Se unha graznea,
di a outra: “grá, grá...”!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Pega rabilonga (*Pica pica*).

Abundante en terreos
abertos, cultivos con
árbores e parques.



LABANDEIRA


Teño que volver a desandar novamente o camiño que leva a miña infancia para poder atoparte, *labandeira*, compañia do labrego, paxaro de pasos miúdos e nerviosos, a correr, con medo apresurado, detrás do arado que abría a terra moura e tépeda para sementar o centeo polo Outono. Evoco o teu peteiro fino; o teu rabo longo, movéndose como unha bandeiriña dada ao vento e, sobor de todo, lembro o medo teu. Agora, despois de tantos anos, abro os ollos e podo comprender a razón da túa plumaxe moura: é o loito que traes sempre, sempre en sinal de dor, polo teu medo.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Lavandeira branca
(*Motacilla alba alba*).

Común. Atópase sempre preto de lugares habitados.



Outras aves



O PAZPALLAR

Pazpallar, meu pazpallar,
pillabán e apaixonado:
¡estás na agra a cantar
urxencias de namorado!


Ti cantas co corazón
para namorar pazpallaras,
pazpallar, pazpallarón
que senón non namoraras.

Para ti o Inverno é moi cruel,
meu pazpallar pazpalleiro.
¡Mais se queres librar del
tes palla no meu palleiro!

(TERRA CHÁ, 1954)



Paspallás (*Coturnix coturnix*). Pouco común. Maiormente visitante de verán, aínda que hai algúns sedentarios. Atópase en cultivos de cereais, pasteiros e terras ermas abrigadas e solleiras.



PAZPALLAR

**Pazpallar que cantas ledo
no centeo froleado:
¡milagre que lle das voz
a luz do maio amaiado!**

**Pazpallar eu só escoito
o teu cantar polo vran.
No inverno, as túas canciós,
meu pazpallar, ¿onde están?**

**¿Onde van as túas canciós
cando chega o tempo frío?
¿É que chas tapan as néboas?
¿Tómache a voz o resío...?**

**Si non oio o teu cantar
estou triste, sen consolo.
¡Dime onde estás, pazpallar,
e non te fagas o tolo...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



«Quaglia» de Raniero Massoli Novelli -
<http://www.flickr.com/photos/sassoferratotv/8150567966/>.

RULA

Doce rula, fráxil cunca delicada
reverquendo claridade e ternura:
ollo o recendo dos teus urxentes
arrosos amorosos e escoito
as cores que te envolven en luz,
te transvervan e subliman
en frenesí de rosas delirantes.
Ti, rula, non ascendes á procura
do sol, onde o ar é tépedo
e máis limpo: permaneces fiel
á terra, navegando a penumbra
amiga de árbores e brisas.
E cando agroman en min
vellas nostalxias fuxidías
o meu corazón sinte a saudade
do tempo feliz en que foi rula.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Rula (*Streptopelia turtur*). Visitante de
verán que escasea nos últimos tempos.
Fai os niños en arbustos de
matogueiras e beiras de bosques.



GAIVOTA

Nube, sal, rocha chumbenta,
sol e brisa,
pesada levedade:
os teus brazos son
azas longuísimas
que non puideron nunca
fatigar ao ar, teu vencedor,
jauh música de trebón,
trono de espuma!
Moi triste asunto é oír
eternamente ao mesmo mar,
máis é un fondo gozo,
un alto don dos deuses
ter, por único destino
e fiel amizade confidente,
unha soia gaivota. Soio unha.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Gaivota patiamarela
(*Larus cachinnans*).

Abundante en toda a costa e visitante en vertedoiros e encoros do interior. Unha ave oportunista que está en expansión.



POMBAS

Irrenunciábeis pombas que voábades
no horto familiar da miña infancia:
íades da figueira á mazaira;
Do cedro ao pexegueiro e ao loureiro,
ao mirto, á cerdeira ou á pereira.
Sacábades o ar e, ao voso paso,
deixábades un ronsel almibarado
de brancura inocente: era a vosa
docilidade fidel, domesticada.
¡Ouh pombas de cor albocincenta
escintilando baixo o ceo do vrao
ou misturándose coa camelia
dos escuros días invernízos!
O voso arrolo, monótono e teimudo,
é o niño onde habitan e medran
as sombras pequeniñas
dos meus lonxanos medos infantís.

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



Pomba (*Columbia livia doméstica*).

Común nas casas e nos parques.

A PITA CHOCA

A señora Pita
leva a súa rolada
como unha señora
moi señoreada.

-Pío, pío, pío...
cada pío un choro.
¡Os pitiños pían
en piante coro!

Moi señoreada
-e a roupa mendada-
vai a Pita Choca
levando a niñada.

-Pío, pío, pío...
¡Con piar inquedo
pían os pitiños
porque teñen medo!

Baixo da galiña
os pitos nun fato
todos en rolada
¡que ven o miñato!

-Non hai pío, pío.
¡Non hai pío, pon!
¡Na amprítú do ceio
voa o miñatón!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Galiña (*Gallus gallus*).

Especie doméstica moi común.

O GALO

**Espertas as estrelas
co teu quiquiriquí.
Tés plumas amarelas
coas que presumes ti.**

**¡Eres un gran señor,
orgullosa, sen diñeiro!
¡Meu galo galeador!
¡Fachenda do galiñeiro.**

(TERRA CHÁ, 1954)



O GALO

**Eu teño un galo galeiro,
boa crista e bo espolón.
¡O meu galo é fachendoso,
arriscado e peleón...!**

**Eu teño un galo galeiro
que ten a crista encarnada,
polainas con media branca
e peituga colorada.**

**Eu teño un galo galeiro
fanfarrón e presumido.
¡Anda con paso seguro
e co corpo moi erguido!**

**Eu teño un galo galeiro
que ten plumaxe marelo.
¡O seu porte de señor
ao mesmo sol pon recelo!**

**Eu teño un galo galeiro
que me desperta ao mencer.
¡Cando canta no poleiro,
téñenlle que obedecer...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



GALO

**Arco da vella, aceso e agresivo.
Crista escoando sangue e corais
dun forte vermellóns alucinado.
Intentas voar máis non o logras:
a túa fachenda, fume a penas,
tóllete de sufrir saudades
do tempo en que eras ave
e podías competir co vento ceibe.
Eres -¡como non!- o rei do mundo
mais os teus pasos torpes sinten
escorregar o chao baixo de ti.
O teu canto –luz, vidro, metal-
é un berro baleiro para ninguén
e a súa forza pérdese na nada.**

(A LUZ RESUCITADA, 1984)



*Con este traballo queremos
facer unha humilde homenaxe
a quen tanto quixo e fixo por
poñer en valor este noso país.*

Manuel María Letras Galegas 2016

**Montaxe e fotos: Adela Leiro, Mon Daporta
Textos: Manuel María
Xaneiro 2016**

